

**Experiencia**

**Profesional**

**Recoñecemento**

**PROCESO DE ACREDITACIÓN DA  
EXPERIENCIA PROFESIONAL**

**PROCESO DE RECOÑECIMENTO DA  
EXPERIENCIA PROFESIONAL**

- **REQUISITOS DE ACCESO**
- **DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

## REQUISITOS DE ACCESO PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS

- Nacionalidade española, residente comunitario ou ter autorización de residencia en España en vigor.
- Ter cumpridos 18 anos (nivel 1), 20 anos (nivel 2 e 3).
- Ter experiencia laboral e/ou formación non formal relacionada:
  - Experiencia laboral: mínimo 3 anos, 2000 horas traballadas nos últimos 10 anos anteriores á convocatoria.
  - Formación non formal: mínimo 300 horas nos últimos 10 anos anteriores á convocatoria.

Nos módulos asociados á unidade de competencia a acreditar que contemplan duración inferior deberánse acreditar as horas establecidas nestes.

- Non estar matriculado/a, nin cursando, nin ter completado un curso de formación profesional inicial (ordinario ou modular), nin para o emprego conducente á acreditación das unidades de competencia que solicita.

As persoas maiores de 25 anos que reúnan os requisitos pero que non podan acreditarlos coa documentación requirida poderán solicitar a súa inscrición provisoria.

## DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Fotocopia compulsada D.I.; pasaporte ou NIE.
- Historial persoal e/ou formativo en modelo de CV europeo.
- Declaración responsable de non estar matriculado/a nin cursando formación profesional inicial ou para o emprego conducente á acreditación das unidades de competencia nas que solicita a súa inscrición. Non ter completado un curso de formación inicial ou para o emprego polo que teña dereito á acreditación das mesmas unidades de competencia ou equivalentes.
- Experiencia laboral:
  - Persoas asalariadas
    - Vida laboral / certificación
    - Contrato de traballo ou certificación da empresa: duración dos períodos de prestación do contrato, categoría laboral, actividade desenvolvida, e intervalo de tempo no que se realizou a devandita actividade.
  - Persoas traballadoras autónomas ou por conta propia
    - Vida laboral
    - Descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo na que se realizou.
  - Persoas voluntarias ou bolseiras
    - Certificación da organización: actividades e funcións realizadas, ano no que se realizaron e número total de horas dedicadas a esta.
- Formación non formal:
  - Documento que acredite a formación: título, contidos formativos, duración, entidade.
- Calquera outra documentación de carácter laboral e/ou formativo que sirva como proba potencial da competencia que se pretende demostrar.
- Tradución oficial dos documentos que non estean en Galego ou Castelán.